



CONCELLO DE CHANTADA

Expte.: 982/20212

DECRETO POLO QUE SE APROBAN AS LISTAS PROVISIONAL E DEFINITIVA DE ADMITIDOS/AS, COMPOSICIÓN DO TRIBUNAL E DATA INICIO DAS PROBAS; NA CONVOCATORIA PARA A CREACION DUNHA BOLSA DE EMPREGO PARA A CONTRATACION DE PERSOAL LABORAL TEMPORAL QUE PRESTARA OS SEUS SERVIZOS INDISTINTAMENTE NAS ESCOLAS DEPORTIVAS E PISCINAS MUNICIPAIS DO CONCELLO DE CHANTADA

Vistas as solicitudes presentadas para participar na convocatoria de selección de un monitor/a deportivo para as Escolas Deportivas e Piscinas Municipais, persoal laboral temporal a tempo completo, mediante concurso-oposición para o ano 2022-2023, cuxas bases foron publicadas no BOP nº 200 de data 1 de setembro do 2022, Taboleiro de Edictos do Concello e Sede electrónica.

Visto que, segundo se desprende das solicitudes non existen persoas excluídas tal e como se especifica nas Bases reguladoras.

De conformidade coas bases aprobadas xunto coa convocatoria por Resolución da Alcaldía, de data 17/09/2019 e en virtude do artigo 21.1.g) da Lei 7/1985, do 2 de abril, de Bases do Réxime Local,

RESOLVO:

PRIMEIRO.- Aprobar de forma definitiva a lista de aspirantes admitidos/as que se indican:

ADMITIDOS/AS:

| Apelidos, nome | D.N.I. |
|------------------------------|----------|
| Corral Fernández, Miguel | ...033-S |
| Fernández Dos Santos, Lorena | ...866-R |
| García Eiriz, Francisco José | ...153-A |
| Gayoso Sobrado, Iván | ...156-G |
| Pérez Iglesias, Alba | ...383-P |

SEGUNDO.- Designar o tribunal calificador que estará integrado polos seguintes membros:

Presidente: Juan Manuel García Pérez, arquitecto do concello de Chantada.

Suplente: Susana Martínez Rodríguez, funcionaria do concello de Chantada.

Vogal: María Luisa García Rodríguez, persoal laboral do concello de Chantada.

Suplente: Laura Castro Somoza, profesora do CEIP de Taboada.

CONCELLO DE CHANTADA

Plaza de España, Nº 1, Chantada. 27500 Lugo. Tfno. 982440011. Fax: 982462102



Cod. Validación: 4RKZKRTGTET4H44W6RE474MUY | Corrección: https://chantada.sedelectronica.es/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 1 a 2



CONCELLO DE CHANTADA

Vogal: Segundo Navaza Blanco, funcionario do concello de Chantada.

Suplente: Luz Pérez Fernández, persoal laboral do concello de Chantada.

Vogal: Sonia Pardo Albor, persoal laboral do concello de Chantada.

Suplente: Francisco Javier Fernández González, funcionario do concello de Chantada.

Secretario/a: Julio Antonio Cuñarro Taboada, funcionario do concello de Chantada.

Suplente: Juan Carlos Lagos Calvo, funcionario do Concello de Chantada..

O tribunal deberá constituirse unha hora antes do inicio da selección, no lugar de realización da primeira proba, levantándose acta a tal efecto.

TERCEIRO.- Convocar a tódolos/as solicitantes admitidos/as e os membros do Tribunal Calificador, para o próximo XOVES, DÍA QUINCE DE SETEMBRO ACTUAL, AS 10;00 HORAS, NO SALON DE PLENOS DA CASA DA CULTURA DE CHANTADA, SITO NA PRAZA DO MERCADO, s/n, DESTA VILA; para dar comezo as correspondentes probas.

CUARTO.- O Tribunal calificador determinará as probas para realizar polos/as aspirantes de conformidade coas bases, así como o lugar, a data e a hora do realización das mesmas, debendo presentar os/as aspirantes a documentación identificativa oficial correspondente. A non comparecencia do/a aspirante determinará a súa automática exclusión do proceso de selección.

QUINTO.- Contra este acto resolutorio procede recurso potestativo de reposición ante o mesmo órgano que o ditou no prazo dun mes ou, directamente, recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado do contencioso-administrativo, no prazo de dous meses, computándose tales prazos a partir do día seguinte ao da notificación ou publicación procedentes, sen prexuízo de que os interesados poidan exercitar calquera outro que estimen oportuno. No caso de interpoñer recurso de reposición, non se poderá interpoñer recuso contencioso-administrativo ata que sexa resolto expresamente ou se produciu a desestimación presunta do recurso interposto.

SEXTO.- Publicar esta resolución no Taboleiro de edictos, páxina web municipal e comunicala os membros do tribunal.

En Chantada, na data da sinatura electrónica deste documento.

O ALCALDE,
Asdo.: Manuel L. Varela Rodríguez

Ante min O Secretario
Os sos efectos de fe pública.
Asdo: Fernando Torre Comesaña.

CONCELLO DE CHANTADA

Plaza de España, Nº 1, Chantada. 27500 Lugo. Tfno. 982440011. Fax: 982462102



Cod. Validación: 4RKZKRTGTET4H44W6RE474MUY | Corrección: <https://chantada.sedelectronica.es/>
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 2 a 2